

1. COMPETENCIAS BÁSICAS.

Facendo referencia ó Decreto 133/2007 do 5 xullo, a materia de inglés contribúe en diversos aspectos á adquisición das competencias básicas introducidas no currículo.

A máis relacionada coa nosa materia é sen dúbida, a **competencia en comunicación lingüística** posto que fomenta a interacción do alumnado en situacións comunicativas. Ó mesmo tempo, dálles pé a reflexionar sobre a linguaxe e a comparar o inglés coa súa propia lingua.

Ademáis o inglés é unha ferramenta importante para acceder á información, e deste xeito, á novas aprendizaxes, contribuíndo así á **competencia de aprender a aprender**. A devandita busca de información pódese relacionar estreitamente coa **competencia no tratamento da información e a competencia dixital** a través do uso das TIC e outras ferramentas dixitais (internet, CD-roms, etc.).

Por outra banda, a aprendizaxe do inglés non pode permanecer illada do seu contorno sociocultural: a interacción social e o respecto por outras culturas permite acadar unha **competencia social e cidadá** que axudará ó alumnado a se desenvolver como persoas.

A través do inglés tamén poderán coñecer diferentes manifestacións artísticas e culturais.

A achega de literatura, música, etc. de orixe anglosaxona contribuíra á **competencia artística e cultural do alumnado**.

Debemos contemplar tamén a contribución á **competencia de autonomía e iniciativa persoal** posto que para a aprendizaxe da lingua deberán planificar e realizar tarefas de forma autónoma ou en colaboración cun equipo. Deste xeito necesitarán coñecer as súas necesidades e empregar estratexias para conseguilo.

Finalmente e de maneira menos directa, a lingua estranxeira relaciónase tamén coa **competencia matemática** e coa **competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** no feito en que se pode empregar o inglés para a búsqueda de información sobre os contidos das diferentes materias.

2. OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE INGLÉS NA ESO

1. escoitar e comprender información xeral e específica oral en distintas situacións comunicativas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación co falante.
2. Comunicarse oralmente en situacións habituais de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.
3. Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
4. Escribir textos sinxelos con fins diversos sobre distintos temas utilizando recursos axeitados de cohesión e coherencia.
5. Utilizar eficazmente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
6. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionando sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transferindo á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
7. Buscar, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito na lingua estranxeira utilizando todos os medios ao seu alcance, (bibliotecas, tecnoloxías da información e a comunicación e as estratexias de aprendizaxe).
8. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
9. Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na propia capacidade de aprender e usar a lingua estranxeira.
10. Coñecer os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, establecer relación entre aspectos culturais deses países e os propios rexeitando estereotipos negativos.

3. METODOLOXÍA.

1. A linguaxe da aula:
 - O inglés será a lingua de comunicación na aula.
 - A lingua materna dos alumnos será empregada só en casos puntuais.
2. O traballo en parellas:
 - Adicarase gran parte do tempo na aula ó traballo en parellas ou grupo, para facilita-las máximas oportunidades de expresión dos alumnos.
3. O ensino do vocabulario:
 - Fomentarase a dedución e o rexistro de palabras por parte dos alumnos.
4. A práctica das destrezas lingüísticas:
 - lectura e comprensión oral.
 - escritura e expresión oral.
5. O traballo por proxectos:
 - Empregarase o inglés de xeito creativo e persoal, para ter unha sensación real do progreso.
6. Aprender a aprender:
 - desenrolar estratexias de aprendizaxe que lles permitan ser mellores aprendices, máis eficaces e autónomos, e mellores usuarios dunha lingua estranxeira.
 - usa-lo diccionario para buscar o significado de palabras que non coñecen.
 - usa-las seccións de gramática dos libros para comprobar cuestións gramaticais.
 - tratar de corrixi-los erros sós, antes de recorrer ó profesor, que lles dará a resposta axeitada.
7. A autoavaliación e a avaliación en grupo:
 - ensinar ó alumno a autoavaliar o seu progreso e a avaliar ós seus compañeiros.
8. O emprego das **TICS** vai traballar desde esta área como un contido específico a través de actividades que requiran do alumnado o manexo de fontes informativas en distintas linguas, soportes e modelos lingüísticos e o seu procesamento e presentación posterior.
A contribución á competencia dixital vai ser continúa, desde o uso das TIC para a creación de distintos contextos comunicativos: chats, foros, correo electrónico, blogs, etc, pasando polo uso de distintas ferramentas dixitais para manexar a información: CD, DVD, internet, presentacións de Power Point... ata o uso de distintos recursos para a aprendizaxe das linguas: programas de software específicos, páxinas web... etc.

4. PLAN DE MELLORA DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

O seminario de inglés, xunto cos outros seminarios acadou uns acordos para mellorar a competencia lingüística.

1. Traballar con tarefas que potencian a competencia lingüística.
2. Seguir criterios semellantes de avaliación.
3. Elaborar un diccionario persoal do alumno.
4. Practicar a lectura referida ós contidos da asignatura.

5. Recomendar lecturas para afianzar contidos e para o disfrute persoal.
6. Introducir a prensa na aula como recurso didáctico.
7. Fomentar o uso da biblioteca do centro e da aula.
8. Proporcionar orientacións didácticas para a utilización de fontes bibliográficas.
9. Potenciar o traballo interdisciplinar.
10. Dispoñer de material común en todas as aulas: dicionarios, libros, revistas, ..
11. Crear un banco de recursos especializados nas aulas específicas: libros, material documental, mapas, gráficos, ordenador, ..
12. Fomentar o uso racional na aula de materiais audiovisuais.
13. Incidir na formación no emprego das TICs e no uso de materiais extraídos de diversas fontes.
14. Repartir tarefas e traballar conxuntamente para evitar a repetición de contidos.
15. Preparar un traballo escrito de investigación e unha exposición oral ó longo do curso.

5. PLAN LECTOR

A cada curso seralle asignado un **libro de lectura obrigatoria** mínimo por cada trimestre. Levarase a cabo un seguimento da mesma mediante os exercicios propostos no libro e a elaboración dun inventario de vocabulario. Finalmente, haberá unha avaliación de cada un deles cun test de comprensión lectora.

Ademais das lecturas obrigatorias, nas aulas específicas de inglés teremos a disposición dos alumnos unha **Biblioteca de Aula** con títulos en inglés de diferentes niveis, que o alumnado poderá emprestar. Entregaráselles unha ficha que poden cubrir despois de ler o libro e gardar no caderno de inglés. Esta medida utilizarase como reforzo positivo á lectura, xa que poden subir a súa nota - en ningún caso baixala.

Por outra banda, adicaranse **momentos diversos** ó fomento da lectura, como é o tempo que queda despois dun exame, ou cando se remate unha actividade ou outros ocos que aparezan e permitan desenrolar a competencia lectora. Para isto empregarase a biblioteca de aula que estará a disposición dos alumnos en todo momento nas devanditas aulas específicas.

Ademais a Biblioteca do centro ten a disposición dos alumnos unha lista de lecturas en galego e castelán que están relacionadas cos aspectos socio-culturais dos países de fala inglesa.

6. DESDOBRES

Neste curso, os grupos de 2º e 3º de ESO traballarán en desdobles unha vez por semana onde se reforzará a práctica oral do inglés.

En principio, unha parte do grupo permanecerá co seu profesor na aula e a outra desplazarase con outro profesor.

7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Este ano, temos intención de traer un contacontos en inglés ó centro, e se é posible organizar algunha saída para ver unha obra de teatro en inglés. Outras opcións que se presenten ó longo do curso, serán tidas en conta igualmente.

8. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, CRITERIOS DE PROMOCIÓN E ACTUACIÓN PREVISTA PARA ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE:

O seguemento do progreso dos alumnos farase en tres fases:

1. **Avaliación inicial** para establece-lo punto de partida.
2. **Avaliación formativa**, a través de probas, tarefas orais e escritas e observación na clase.
3. **Avaliación sumativa**, para comprobar o grao de adquisición de contidos.

A avaliación recollerá dous aspectos:

Coñecementos / contidos (o 80% da nota final no primeiro ciclo, e o 90% no 2º ciclo).
Destrezas e actitudes (o 20% da nota final no 1º ciclo, e o 10% no 2º ciclo).

Contidos:

Os coñecementos / contidos engloban catro bloques:

- Bloque 1-Escouitar,falar e conversar.
- Bloque 2-Ler e escribir.
- Bloque 3-Coñecementos da lingua
- Bloque 3-Aspectos socioculturais e consciencia intercultural.

Os contidos mínimos de cada nivel e os criterios de avaliación, aparecen xunto coa programación específica de cada un dos cursos.

Destrezas e actitudes:

1. Obxectivos mínimos:
 - Adquirir hábitos de traballo individual ou en grupo.
 - Realizar tarefas plantexadas na clase.

- Puntualidade na entrega de exercicios ou traballos solicitados (non se aceptarán se a data de entrega dos mesmos é distinta da previamente solicitada, salvo que houbera unha causa xustificada).
2. A avaliación das destrezas levarase a cabo mediante:
 - Revisión periódica do caderno, tendo en conta:
 - a presentación,
 - a estruturación,
 - a corrección dos exercicios,
 - os apuntes,
 - vocabulario de cada unidade.
 - Traballo realizado na clase.
 - Traballo realizado na casa:
 - exercicios do "Workbook".
 - redaccións.
 - outras actividades.

**A calificación obtida será unha nota de 1 a 10, sendo o mínimo un 5.

Actitudes:

1. Obxectivos mínimos:
 - Participación:o alumno deberá participar activamente:
 - esperando o turno de palabra.
 - preguntando cando teña dúbidas.

- engadindo ou comentando cuestións relevantes.
non mostrando comportamentos negativos ou problemáticos.
- Materiais utilizados: o alumno terá que asistir a clase cos materiais imprescindibles e necesarios.
 - Comportamentos:
 - ausencia de insultos,
 - ausencia de conductas agresivas,
 - propicia un clima agradable na clase,
 - non hai enfrontamentos ou tensións entre alumnos ou grupos,
 - coidado das instalacións e materiais da aula,
 - coidado dos seus propios materiais.

2. A avaliación das actitudes levarase a cabo mediante a observación do alumno no referente ós obxectivos mínimos mencionados neste apartado.

**A calificación obtida será de: nota de 1 a 10 , sendo o mínimo un 5.

Estes dous aspectos (contidos e destrezas e actitudes) teranse en conta para dar ó alumno unha calificación global da avaliación, polo tanto, o alumno que non acade os obxectivos mínimos solicitados en cada un destes apartados, obterá a calificación de insuficiente. Do mesmo xeito, o alumno que realice os exames ou calquera outro tipo de tarefa sen facer caso das indicacións dos profesores ou baixo indicio de copia, obterá calificación negativa nese exame, traballo, caderno, etc.

No referente ós exames é importante sinalar que **non se admitirá que o alumno deixe ningunha parte en branco, sexan ordinarios ou extraordinarios.**

Ademais, para a realización do exame deberán presentar primeiro os seus cadernos cos exercicios correspondentes. En caso de non telo ó día o alumno non poderá realizar o exame.

Tamén consideramos importante sinalar que os exames dos alumnos poderanse revisar no instituto, **pero nunca poderán saír do centro (exames finais de avaliación).**

A avaliación será continua e cando a calificación global obtida sexa "insuficiente", o alumno terá a oportunidade de demostrar ó longo da seguinte avaliación que ten acadados os obxectivos solicitados en cada un dos aspectos a avaliar. Igual criterio na promoción dun curso a outro.

A avaliación será tamén progresiva, é dicir: a nota da 2ª avaliación vale o dobre que a da 1ª, e a da 3ª vale o triple, de xeito que a nota final será a suma das 3 dividida por 6.

ACTUACIÓNS PREVISTAS PARA ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE

O alumno coa materia pendente do nivel ou niveis anteriores será calificado polo profesor ou equipo de profesores do grupo no que estea matriculado. Obterá calificación satisfactoria na materia pendente, cando na opinión do profesor ou equipo de profesores, a súa avaliación continua e cantas probas se determinen sexan superadas atendendo ós obxectivos e contidos

mínimos dos diferentes niveis, así como ós criterios e instrumentos de avaliación desta programación. En canto aprrobe unha avaliación do curso que está a realizar, aprobará tamén a pendente.

Se o alumno non acadara os obxectivos mínimos ó longo do curso poderá optar por realizar unha proba de pendentes en Maio, e outra en Setembro, se fora necesario. É importante sinalar que o alumno non aprobará a materia do presente curso se non aproba a pendente, e quedará suspensa para Setembro. En canto á proba de Setembro, os criterios de avaliación serán os mesmos, e os instrumentos de avaliación un exame, que incluírá as catro destrezas.

Os materiais de reforzo para a materia pendente serán os propios do nivel e curso no que estea matriculado o alumno: libro do alumno, libro de actividades, caderno gramatical e libros de lectura. Nestes materiais, o profesor ou equipo de profesores determinará as actividades dos mesmos que cubran os contidos mínimos relativos ó nivel pendente que debe superar o alumno. O profesor ou profesores de alumnos coa materia pendente poderá establecer outros materiais de reforzo se o estima oportuno para acadar os obxectivos.

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Empregaranse as medidas de atención á diversidade que sexan necesarias en coordinación co equipo de orientación: prestarase **apoio dentro da aula** ós alumnos e alumnas que o requiran e faranse as **adaptacións curriculares** que se estimen oportunas. Estas últimas serán elaboradas despois dunha avaliación inicial.

Asimismo, revisaranse e entregaranse tamén as adaptacións xa existentes.